

terceiro ADRAL

Xosé Filgueira Valverde



Capto. vii. de qñatib; terrari
Capto. viii. De scõz corporib; n
Capto. ix. de qñtate ciuitatis
Capto. x. De discrezione oblac
Capto. xi. de pegrinis. s. iacobi



Vaz
scm iaco
pontis r
adunam
& monti
portul a
viam pol
scõz petr
Leonardus lomo uicentem. & ut
Italia p scõz marinarum tyronen
sem p scõz eadem anathaceni

Edicións do Castro / ensaio

25. TROMPOS O CAMIÑO.

«Por San Martiño, trompos ao camiño»; «Por San Amaro trompos ao tellado». Os refráns fixan o tempo, co circio enfexo que teñen, no curso do ano, os xogos dos rapaces. Xa chegaba a «moda» das buxainas.

Onte apareceron as primeiras, tras dos vidros dunha tendiña. Son ben cativas. Heime informar de se os venden ou se non teñen xa quen os merque. E pensa un con mágoa, en tantos nenos de agora fartos da «tele» e do «Salón de Juegos Electrónicos», que non saben «liar a baraza» nin distinguen unha «pruma de un «pandiotote».

UN XOGO REI

Ante cantos enredos xogábamos os cativos de meu tempo, éste era o máis requintado, o que tiña máis regras e ritos, o «xogo cabezón» máis apreciado, porque tedes de lembrar que se distinguían moi ben os xogos «de rebrincar» e os «de solercia» que requiren habelencia e saberes.

Polo que di a duranza do ciclo é moi curta, de comezos de Santos a mediados de xaneiro; será porque o chan está mellor pra xogalo nesa tempía.

OS NOMES DO TROMPO

Este brinquedo universal ten ante nós moitos e garridos nomes. Uns refírense ao xeito de xirar e co-

rrer da peza; como «andaina», «bailerete», «peón» ou «pión», «peonza»; outros á madeira con que soen estar feitos: «pinacho», o de pino, «buxaina», de buxo; non faltan os que asinalan o papel que ten a peza no xogo, como «chicha», «pandiotete», «escarabellote»... a que dou máis que falar ós lingüistas é «trompo», común co castelán, que Nebrixa facía vir de «turbo» e que pola parentela da «trompa», instrumento musical de moi debourada etimoloxía, ten dado lugar a moitas hipótesis e matizacións.

Polo que di ás «pesperellas», «perindolas», «barralletes», «pimpinelas» ou «pimpinirolas» —que tantos nomes levan— non son xoguete de «habelencia» senón «perinolas» de xogar ó azar, fabas ou dados.

DAS FEITURAS DO TROMPO

Os torneos fan buxainas de moi distinto grandor, dende pequeneiras «prumas» a ventradas «trompas». O cono leva enriba un «roquete» ou «segorella» pra anudar a corda, que soe ter uns circos de raias pintados en roxo ou en verde, e debaixo, no vértice, unha punta ou «ferreta». Isto pode levar uns topes pra que non fenda a madeira.

As buxainas teñen, en toda a faz do cono, un riscado, feito tamén a torno para embrullar a «cordilla» «cordiña», «baraza» ou «baralla».

Namentras os trompos «pandiotetes» son de «pau-pau» e pequenos pra termar das «quintainas», «cocos» ou «trompadas», os ventrados «mazarocos» son rexos, pra desfachicar as «buxainas» que se lles poñan por de diante.

Os bos trompos son de buxo; os de oliveira e os de pino quedan para os probes que non teñen para mercar outros.

Nas tendiñas e nos postos das feiras os vendedores colgan os trompos en grinalda, atados polas curuxas, ou os ofrecen en cestiños de bimbio.

Os tendeiros ponderan a feitura dos trompos e as súas calidades: «E de pera», «E de pruma», e deixan probalos.

AS LEIS DO XOGO

O único tratadista español que teño lido, Santos Hernández, distingue sete xeitos de xogar aos trompos: «puyazos», «corro», «puestas», «no hay posada», «al fuego», «matadero», «escaramuza» e «ataque». Nun traballiño que fixen fai sesenta anos anotaba samente tres, que veñen ser os que recolleu Rodríguez González. Supoño que Fraguas, Lourenzo e Miguel Pereira poderán engadir máis.

Haivos tres xeitos de xogar a buxaina ca «baraza» ó «cerezo», a «cova» e a «raia».

No primeiro trázase no chan un circo e tiran o trompo a ele: si pica dentro, compre deixalo beilar deica que durma e arranque. Namentras está dentro poden lanzar os demáis rapaces os seus a quintazos contra ela. Se queda dentro «apanda» e recibe, en castigo, «cuncas de bandallo» que lle tiran os outros xogadores.

Pra xogar á «cova» faise unha fociña no chan, lanza o primeiro, e os outros tiran os seus pra sa-



O xogo do trompo nun vello grabado popular

calo dela e pra facerlle «cuncas» cos «ferretes». Cando o trompo para e «apanda» pódese cambear polo «pandote», porque collendo cada quen o seu trompo na palma da man o lanzan bailando sobre o que está na focha. Se os dous trompos, o pandote e o lanzado quedan xuntos, bailando «a bicos» poden guindarse tamén sobre deles os outros, e apandan se non saen da focha.

Pra xogar á raia, tiran todos a unha cara, un risco, recto, feito no chan; «apanda» o trompo que pique máis lonxe, e ten que termar dos «trompazos» dos

demáis. A liña úsase tamén pra establecer a rolda no principio do xogo.

Coido que está case esquecido eiquí o xogo da peonza con «tralla».

Cando está xogando unha rolda de rapaces e chega outro que quer entrar no choio ten que decir:

—«¿Podese tirar?».

—«Deica escachar», «Deica fender» ou «fartar», responden os outros.

Se un rapaz está soio adivírtese tirando ao circo, á focha ou á raia ou lanzando e recollendo a buxaina e facendo con ela xogos de man, e na unlla do dedo escachador por ser logo hablencioso diante os demáis, ou botando a «bailar de coruxa». Desto sai a frase que val como a castelán «traer de coronilla» a alguén. Tamén o trompo anda nos ditos «bailar como unha buxaina», «mesmo é una buxaina» (a muller ancha de cadris), «durmir coma un trompo» variante de «coma un tronco» e nos falares da bebedeira «entromparse» ou «coller unha trompa», «durmir a trompa».

Diredes que non paga a pena falar destas chilindradas. I eu dígovos que sí val. E xa non sometes por aviventar relembrs dos nosos anos de rapaces, senón porque nas regras, nos ritos e nos trebellos dos xogos péchanse moita sabencia do pobo e moi fondas leccións da cultura tradicional. Poñamos por caso nesto da peonza que aínda en certas tribus de Nova Guinea, Borneo e Australia úsase como peza sensoria para adivinacións e os pronósticos, e que eiquí e agora son moitos os que manexan a «pespe-

rella» pra cubrir as quinielas. Cando un camiña cara as fontes dos costumes todo son sorpresas. ¡Eu vin xogar ao trompo sobre o laberinto dun grabado rupestre...!

«Faro de Vigo», 22-XI-1981